



# FONDO SOLIDARIO DE LIBROS E AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR 2021-2022

## CONVOCATORIA

• [Orde do 6 de maio de 2021](#) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar.

## DESTINATARIOS

- ⇒ **Fondo solidario** de libros: alumnado de **3º, 4º, 5º e 6º** de Educación Primaria
- ⇒ Axudas para adquirir **libros de texto**: alumnado de **1º e 2º** de Educación Primaria
- ⇒ Axudas para adquirir **material escolar**: alumnado de **1º a 6º** de Educación Primaria

## PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 21 de maio ata o 22 de xuño de 2021, incluídos.

## DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

1. Cubrir os **ANEXOS I e II** [nesta ligazón](#).
2. Copia do **LIBRO DE FAMILIA** ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.
3. Copia do DNI/NIE/pasaporte de todos os membros computables da unidade familiar.
4. Se é preciso, **xustificación** de discapacidade, violencia de xénero, acollemento, sentenzas de separación ou divorcio...

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Por mor da situación actual do COVID-19 e como di a orde, as solicitudes deben presentarse **preferentemente por vía electrónica** na aplicación informática [FONDO LIBROS](#):

<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>

Tamén pode ser **entregada presencialmente** no centro segundo o indicado na seguinte páxina.



## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES NO CENTRO

Opcionalmente e **cando non sexa posible** presentar as solicitudes de xeito electrónico, poderán presentarse **presencialmente no centro seguindo estas instrucións** para garantir a seguridade de todas as persoas:

- 1) Deben vir nos días do **calendario** establecidos, segundo o curso ao que pasan e en horario de **9´00h –9´40h.13´15h.-13´55h. NON SE RECIBIRÁ NOUTRO DÍA** (avísenos para concertar outra cita no caso de non poder vir nestes días por motivos xustificadas).

<b>LUNS 24</b>	<b>MARTES 25</b> Entrega de anexos ás familias que non poidan imprimilos	<b>MÉRCORES 26</b> Entrega de anexos ás familias que non poidan imprimilos	<b>XOVES 27</b> 1º	<b>VENRES 28</b> 1º
<b>LUNS 31</b> 2º	<b>MARTES 1</b> 2º	<b>MÉRCORES 2</b> 3º	<b>XOVES 3</b> 3º	<b>VENRES 4</b> 4º
<b>LUNS 7</b> 4º	<b>MARTES 8</b> 5º	<b>MÉRCORES 9</b> 5º	<b>XOVES 10</b> 6º	<b>VENRES 11</b> 6º
<b>LUNS 14– VENRES 18</b> Corrección de erros e tarefas administrativas por parte do centro				
<b>LUNS 21– MARTES 22</b> ALUMNADO NOVO				

- 2) Para garantir a seguridade deberanse cumprir con estas **medidas**:

### NORMAS DE SEGURIDADE (COVID-19)



- Só accederá **unha persoa** por familia.
- Debe traerse **bolígrafo**.
- Uso obrigatorio de **máscaras**.
- Desinfectarase as mans co **xel** proporcionado.
- Farase caso das indicacións do persoal.